

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR BENEFICIARIO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DO ERC NO MARCO DO H2020 SEN VINCULACIÓN ESTABLE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer, dentro do Programa Oportunus, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela que permita apoiar a actividade investigadora dos beneficiarios dunha axuda ERC que non teñan vinculación estable co seu organismo de investigación.

O obxectivo é ofrecer a estes investigadores financiamento para que poidan seguir desenvolvendo a súa actividade investigadora en Galicia, de xeito que esta actividade poida seguir repercutindo no desenvolvemento económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia, retendo o coñecemento en Galicia.

Para poder acadar este obxectivo é necesario que os grupos de investigación dispoñan dos recursos humanos necesarios para acadar unha investigación de calidade e poder presentarse a convocatorias públicas.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.
2. A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.
3. Que o sistema público de investigación de Galicia, constituído polas universidades e os Organismos Públicos de Investigación (OPIs), é a peza principal sobre a que se vertebra un sistema de investigación competitivo, sen menoscar a importancia do desenvolvemento dun sistema de investigación máis sólido vinculado ao sector privado. Por todo isto é necesario reforzar a capacidade investigadora deste sistema, tendo en conta que a súa excelencia pasa



por conseguir resultados nun marco de alta internacionalización e pola súa capacidade de transferencia ao tecido produtivo e á sociedade.

Neste contexto, a xeración de instrumentos de apoio por parte da Comunidade Autónoma ten que estar intimamente ligada e coordinada cos instrumentos de apoio estatais e internacionais, para ser eficientes na capacitación e captación do mellor persoal investigador.

A atracción de persoal investigador de referencia tamén supón unha mellora da calidade das actividades de investigación desenvolvidas en Galicia, polo que resulta vital que as universidades se preparen para acoller este persoal investigador de referencia internacional no marco dunha mobilidade de talento lóxica e equilibrada.

4. Os programas de financiamento xestionados polo European Research Council (en diante ERC) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 28 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Advanced Grant (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos



excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.

Na actualidade, en Galicia son as universidades públicas os principais organismos de investigación que contan con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

5. Que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o Programa Oportunius; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento científico e innovador de excelencia que atenda ás prioridades marcadas na RIS3 de Galicia e complementario a Horizon 2020. O obxectivo do programa é poñer a disposición dos investigadores un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

Oportunius aposta pola creación dun ecosistema investigador de excelencia nos organismos de investigación de Galicia a través da posta en marcha de iniciativas orientadas á xeración, retención, recuperación e captación do mellor talento científico e innovador. O programa pon á disposición dos investigadores un marco laboral estable e o recursos necesarios para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

Para acadar os obxectivos, deseñáronse 3 itinerarios nos que se contemplan distintas accións de apoio: formación, asesoramento, revisión de candidaturas para presentarse a convocatorias do ERC e apoio económico para investigadores excelentes que resultaron gañadores ou finalistas dunha convocatoria do ERC.

A Xunta de Galicia, a través deste programa, fomenta equipos de investigación excelentes e impulsa o potencial galego na investigación básica co obxectivo



final de situar a Galicia na vangarda investigadora e mellorar a competitividade científica da comunidade.

O programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) *Atracción da excelencia*: favorecendo a captación, retención e recuperación de investigadores excelentes que conseguiron financiamento do Consello Europeo de Investigación (ERC).
- b) *Apoio á excelencia*: impulsando a actividade e o desenvolvemento daqueles investigadores cunha traxectoria consolidada que resultaron finalistas no proceso de avaliación das convocatorias do ERC.
- c) *Fomento da excelencia*: favorecendo a participación nas convocatorias do ERC daqueles investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora.

Dentro da liña de atracción da excelencia GAIN considera necesario apoiar especialmente a aqueles investigadores beneficiarios dunha axuda do ERC que non teñan vinculación estable ao seu organismo, apoiándoos para a constitución de equipos de investigación de masa crítica suficiente para concorrer a convocatorias públicas. Esta circunstancia prodúcese actualmente só no caso dun investigador ERC da USC.

- 6. Os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que estase a fomentar a participación de investigadores con traxectorias científicas prometedoras en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia.



7. Que dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que é a Universidade de Santiago de Compostela a única entidade de investigación da comunidade autónoma que contan con investigadores con subvencións vixentes do ERC sen vinculación estable co seu organismo de investigación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de abril de 2016.

